

ELECCIÓN A FEDERACIÓN GALEGA DE TRIÁTLON E PÉNTATLON MODERNO.

XUNTA ELECTORAL.

ACTA. 3. APROBACIÓN CENSO ELECTORAL DEFINITIVO.

Sendo as 20:00 horas do día 10 de xullo de 2026, por medios telemáticos, reúnese a Xunta Electoral da Federación Galega de Triátlon e Péntatlon Moderno baixo a Presidencia de D. Enrique Hernández Moldes, con asistencia de D^a. Paloma Herbello Hermelo na súa condición de Vogal, e actuando como Secretaria D^a. Mónica Flores Ferreiro.

Constatada a presenza de quórum bastante para a súa constitución, o Presidente declara aberta a sesión para prestar aprobación ao censo definitivo que rexerá a participación no proceso electoral.

Tendo en conta que perante do prazo establecido polo calendario electoral non foi presentado recurso algún contra o censo provisional, esta Xunta Electoral da Federación Galega de Triátlon e Péntatlon Moderno adoptou os seguintes acordos:

1. Prestar aprobación, por unanimidade, ao censo electoral definitivo, co tenor literal que se recolle no anexo que se xunta e forma parte integrante desta acta.

2. Aprobado o censo definitivo que rexerá as eleccións á Federación Galega de Triátlon e Péntatlon Moderno, de conformidade co disposto no art. 8.3. do vixente Regulamento Electoral, esta Xunta Electoral fixa o número concreto de membros de cada estamento que concorren quedando conformados polos seguintes:

- Clubs: 34 (33 correspondentes a Triátlon e 1 a Péntatlon Moderno).

- Deportistas: 430 (Dos cales 27 teñen a consideración de DGAN).

- Xuíces: 43.

- Técnicos: 37.

- Organizadores: 1.

3. Expor este censo nos mesmos lugares e da mesma forma que o censo provisional ata o día da votación á Asemblea Xeral.

4. Constátanse a presentación das seguintes candidaturas a membros da Asemblea:

- Día 08/07/2026:

a) Club Triatlón Santiago (Estamento de Clubs).

-Día 10/07/2026:

a) Club Natación Cedeira (Estamento de Clubs e D. Xan Xosé Suárez Vilela (Estamento de Técnicos).

b) Club Natación Riveira (Estamento de Clubs).

d) D, Pablo Cabanelas Eiras (Estamento de Oficiais).

e) Club Triatlón Poio (Estamento de Clubes).

Visto que o calendario electoral visado (Fase IV. Censo definitivo. Candidaturas á Asemblea, Voto por correo) recolle expresamente que o prazo para presentación de candidaturas será de “+3-7 días hábiles ao día do punto 1 desta fase”, isto é, de aprobación do censo electoral definitivo), procede desestimar as devanditas solicitudes por extemporáneas e comunicar este acto á maior brevidade posible aos interesados coa finalidade de que poidan formular novamente a súa petición dentro do prazo establecido ao efecto.

5. Dar traslado dos acordos adoptados aos reclamantes a través do canle legalmente establecido, publicándose o seu contido a través dun mecanismo que garanta o seu coñecemento.

Non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión sendo las 20:15 do día sinalado no encabezamento.

Asdo.: Enrique Hernández Moldes.

Presidente

Asdo.: Mónica Flores Ferreiro.

Secretaria

Asdo.: Paloma Herbello Hermelo..

Vogal.